




CASTROS DE CUALEDRO

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 15 km (lineal-Cualedro-S. Millán)
a pé: 4 km (pódese facer en coche por pista de terra)
Dificultade: baixa
Duración: 2 horas



Unha ruta para visitar dous castros senlleiros que se atopan moi próximos dentro do concello de Cualedro. O castro de Saceda, ocupado arredor do 450 a. de C. e o de San Millán do periodo tardorromano (s. III-IV d.C.). Ambos conservan un bos sistemas defensivos. Complementábase coa visita a unha pequena ferverza no rego do Picho. Mellor na primavera, para gozar da interesante vexetación con mestura de especies mediterráneas e atlánticas.

COMO CHEGAR:

De Cualedro tómase a estrada a Portugal pola Xironda e a 7,5 km atopamos Saceda onde está o primeiro castro, fronte á vila, á esquerda da estrada, a 300 m.

Séguese a estrada ata a Xironda e alí o desvío a San Millán, 1 km antes da localidade atópase, á esquerda da estrada, o camiño que leva ao castro. Pódese facer a pé nun paseo de 1,5 km (lineal). A carón do castro, no rego do Picho hai unha pequena ferverza e os restos dun muíño.

Castro de Saceda

Castro de San Millán



**Fervenza
no rego
dos Pichos**

